



**Confederación Intersindical Galega**

**O PORTAVOZ DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE  
IMPUTADO NUN POSÍBEL DELICTO DE ACOSO CONTINUADO  
A UNHA TRABALLADORA**

**No mesmo Auto, o Xuíz acorda o sobreseimento provisional da causa  
en relación á ex-tenente de alcalde Isabel Pérez**

**A CIG esixe o cese do imputado como portavoz do Ouff Ourense**

A medio dun Auto datado o pasado 27 de decembro de 2012, o titular do Xulgado de Instrucción nº 1 de Ourense, Don Leonardo Álvarez Pérez, acordou continuar as Dilixencias Previas, polos trámites do procedemento abreviado, para esclarecer se os feitos imputados a Diego González López, administrador e portavoz do Ouff Ourense, fosen constitutivos dun delicto tipificado no artigo 173 do Código Penal.

Na fundamentación xurídica, o Xuíz afirma que os indicios existentes ***“levan a pensar que efectivamente por parte de Diego González López, na súa calidade de administrador e portavoz do festival de cine, vense producindo unha situación de acoso continuado hacia a traballadora Ana Belén Cacabelos”***, polo que, prosigue a fundamentación, ***“procede imputar a Diego González López dun delicto tipificado no artigo 173 do Código Penal por ter acosado de forma continuada a Belén prevaléndose da situación de superioridade xerárquica que no ámbito laboral ten a respecto da prexudicada”***.

No mesmo Auto acórdase o sobreseimento en relación coa ex-concelleira Isabel Pérez, ao considerar o Xuíz que, se ben pudo producirse pola súa parte unha desatención do problema, non abonda como para tipificalo como delicto algún.

Desde a CIG valoramos positivamente esta decisión xudicial, que representa un espaldarazo importante a unha loita dura, dolorosa e desigual, que está a levar adiante a traballadora Ana Belén con grande valentía pola súa parte, converténdose nun exemplo a seguir na defensa da dignidade como traballadoras/es.

Así mesmo, e así llo fixemos chegar á actual Concelleira responsábel do Festival de Cine de Ourense, Ana Garrido, esiximos o cese inmediato do administrador e portavoz do Ouff Ourense. Non é de recibo ter como embaixador e representante no mundo do cine e da cultura a unha persoa imputada nun delicto tan abominábel como o do acoso a unha traballadora.

Ourense, 8 de xaneiro de 2013

Asinado: Anxo Pérez Carballo